

Mediante Decreto 53/2008 do 13 de marzo (DOG 28/03/2008) autorízase a implantación dos estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, entre os que se atopa o Máster Oficial Interuniversitario en Dirección de Empresa Familiar.

O Decreto 66/2007 da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, do 29 de marzo, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais e de posgrao conducentes ao título de Máster ou de doutor establece no artigo 3.2 d) os requisitos para a implantación destas titulacións supeditando a efectiva impartición á existencia alomenos 20 alumnos matriculados no caso dos Másteres de especialización profesional ou académico-profesional.



Tendo en conta que o número de alumnos matriculados no Máster Oficial Interuniversitario en Dirección de Empresa Familiar non reúne este requisito, logo do informe da Comisión académica do Máster e cumpridos os trámites que establece a Instrución da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG sobre o procedemento a seguir para a autorización de títulos que pretendan iniciar a súa actividade en outubro de 2008 (9 de xaneiro do 2008), esta Reitoría **Resolve:**

Primeiro.- Retirar da Oferta de titulacións oficiais o Máster Oficial Interuniversitario de Dirección de Empresa Familiar adscrito á Facultade de Administración e Dirección de Empresas da USC (Campus de Lugo), adiando a súa implantación ao curso académico 2009/2010.

Segundo.- Os Servizos Administrativos correspondentes notificarán esta resolución aos alumnos afectados procedendo a devolución dos prezos públicos que de ser o caso procedan, así como a notificarlles a posibilidade de matricularse nas demais titulacións ofertadas pola USC.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2008

O reitor

Senén Barro Ameneiro